

**Subvencións a entidades locais da Comunidade  
Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade  
SI435A – Programa de promoción da igualdade e  
prevención da violencia de xénero**

Esta actuación está cofinanciada pola Unión Europea co obxectivo de previr a violencia de xénero e de mellorar a situación das vítimas de violencia de xénero e das mulleres en situación de especial vulnerabilidade

**Secretaría Xeral da Igualdade**

O Concello de Cenlle en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, puxo en marcha unha iniciativa de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, que está **cofinanciada pola Unión Europea**.

A finalidade da iniciativa é proporcionar acompañamento ás mulleres que están pasando por situacións de violencia de xénero ou en situación de vulnerabilidade. Entre os seus obxectivos destacamos ser un punto de información e referencia para todas as mulleres que necesiten axuda ante situacións que poidan desestabilizar a súa vida.

Destacamos como un dos maiores resultados a satisfacción e aumento de confianza das mulleres participantes polo acompañamento realizado, e que lles permitiu coller impulso para saír das situacións nas que se atopaban.

Todo o traballo e acompañamento estivo dirixido e supervisado por unha empresa externa contratada para levar a cabo a dita iniciativa de promoción.

As actuacións leváronse a cabo na Biblioteca Municipal de Cenlle, en horario de mañá, de 10:00 á 12:30 h durante os meses de xullo a setembro.